



## **ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2021-2022**

A admisión do alumnado neste Centro para o curso 2020-2021 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

### **1. NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN**

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro. (DOG, 26/12/2012).
- Orde do 12 de marzo de 2013. (DOG, 15/03/2013).
- Orde do 25 de xaneiro de 2017.(DOG, 1/02/2017).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para o proceso de admisión, Xefatura Territorial etc.

### **2. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:**

<b>Cursos de Educación Infantil</b>		<b>Cursos de Educación Primaria</b>	
Postos dispoñibles	(1)	Postos dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos) ..... 25	3	Primeiro ..... 05	3
Quinto (4 anos) ..... 03	0	Segundo .....01	0
Sexto (5 anos) .....04	0	Terceiro ..... 00	0
		Cuarto ..... 03	0
		Quinto ..... 00	0
		Sexto ..... 01	0

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 3 da Orde do 12 de marzo de 2013, DOG do 15).

### **3. ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO**

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio é o que figura no plano e documento exposto neste taboleiro de anuncios. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está adscrito ao IES Adormideras.

### **4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes de admisión presentaránse mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso “admissionalumnado”- <https://www.edu.xunta.es/admissionalumnado/> **do 1 ao 22 de marzo**. A fotocopia do DNI do alumno ou do libro de familia, así como se fose o caso a certificación de matrícula e a sentenza xudicial en caso de divorcio deberán presentarse na secretaria do Centro acompañada do código que xenera o informe da solicitude.

As solicitudes tamén se poderán presentar de maneira presencial , que se axeitarán ao modelo oficial (a recoller en Conserxería ou descargar na páxina web do Centro), deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio, no horario de secretaria, **do 1 ao 22 de marzo**(por ser o día 20 non lectivo no CEIP Cidade Vella), debendo ir acompañadas da copia do DNI do alumno/a ou libro familia onde esté inscrito/a ou documento acreditativo da idade do alumno.

No caso de optar a un curso de Primaria, deberán achegar tamén certificación de matrícula do centro de procedencia.

En caso de separación xudicial ou divorcio, deberán presentar o convenio regulador un resolución xudicial.

**IMPORTANTE No Anexo II, folia 3 deberá marcarse os conceptos do baremo nos que desexa ser puntuado. Debe ser cuberto polo interesado.**

## **5.PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS.**

O prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación é do 26 de marzo ao 3 de abril. Porén, para facilitar trámites e evitar viaxes ao Centro, poderán achegala coa solicitude.

Só será necesario presentar a documentación relativa aos criterios de: domicilio fiscal, renda, condición de familia numerosa e discapacidade do alumno/a, do proxenitor/a, do titor/a ou dos irmáns/ás cando a persoa interesada denegue a consulta automática de datos (art. 17.1).

Para ser valorado no apartado de **familia monoparental** deberá presentar certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

## **6. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO**

**-Antes do 25 de abril.-** Publicación da resolución provisional de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello escolar do centro no prazo de cinco días hábiles.

**-Antes do 15 de maio,** unha vez resoltas as posibles reclamacións presentadas, **farase pública a resolución definitiva** de alumnado admitido e non admitido. Contra esta resolución poderase presentar recurso de alzada ante o Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

## **7. PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa inscrición na Secretaría **do 20 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

## **8.SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

Os servizos complementarios que ofrece o Centro son:

**1. Transporte escolar. Non existe.**

**2. Comedor escolar .**

-Xestionado pola ANPA do Colexio.

-Lexislación aplicable: Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 13/08/13).

### **3. Madrugadores (7:30 – 9:00)**

Xestionado pola ANPA do Colexio.

### **4. Actividades Extraescolares.**

- Organizadas e xestionadas pola ANPA do Colexio
- Horario do local do ANPA: **martes de 9:00 a 9:30 e de 17:00 a 18:00 e**

**mércores de 17:30 a 18:00** Consultar o blog

<http://anpaherrerias.blogspot.com.es/p/comedor.html> por posibles cambios.

E-mail : [apaherrerias@gmail.com](mailto:apaherrerias@gmail.com)

### **INFORMACIÓN IMPORTANTE**

**A solicitude será única e vinculante**, poderá conter ata seis centros, por orde de preferencia e presentarse no centro indicado en primeiro lugar. Estará asinada por calquera dos titulares da patria potestade. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

#### **Darán lugar a perda do dereito de prioridade:**

- A presentación da solicitude fóra de prazo.
- A presentación de máis dunha solicitude.
- A presentación de solicitudes estando vinculado por reserva. A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión.
- As solicitudes que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno/a.
- As solicitudes que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

A Coruña, 26 de febreiro de 2020

Vº e Prace, o Director

A Secretaria.

Asdo. Mario R. Suárez Hermida.

Ana M<sup>a</sup> Rocha Souto